

Ficha de recollida de datos

MVMC de o Lapido

DENOMINACIÓN DA COMUNIDADE	CMVMC DE O LAPIDO
CONCELLO / PARROQUIA	<p>PADRÓN/SAN PEDRO DE CARCACÍA</p> <p>Pero o monte non é parroquial e pertence aos lugares de Xuane, Casal, Sobrerrivas, Cruceiras e Lamas</p>
DATOS PRINCIPALES	
Superficie	255,51 has
Límites	<p>Os límites do monte son:</p> <p>Norte: monte de Lampai e Castelo de Miranda (Termo municipal de Teo).</p> <p>Sur: Monte de Herbón, Pedra de abella e Altos de Meda (Termo municipal de Padrón).</p> <p>Este: Monte de Lampai e Castelo de Miranda (Termo municipal de Teo).</p> <p>Oeste: Montes da Retén e Cruces (Ter municipal de Padrón).</p>
Situación xeográfica	<p>O Monte Veciñal en Man Común de O Lapido, encóntrase situado na parroquia de Carcacía, no término municipal do concello de Padrón, na provincia de A Coruña, dentro do Distrito Forestal IV Barbanza-Sar.</p> <p>Nos planos do servizo Cartográfico Nacional, o monte Lapido encóntrase representado nas seguintes follas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escala 1/50000: folla nº 120 – Padrón - Escala 1/25000: follas nº 120-II (Padrón) e 120-IV (Extramundi de abajo) <p>As coordenadas xeográficas e UTM dos puntos mais distantes entre si, pertencentes ao monte, son:</p>

	Puntos Extremos	UTM (ETRS 89)	Xeográficas (ETRS89)	Latitud/ Longitud
NORTE	530723/4735247	42°46' 12''/ 8°37'25''		Norte/ Oeste
SUR	530767/4731929	42°44' 21''/ 8°37'26''		Norte/ Oeste
ESTE	531853/4733458	42°45' 27''/ 8°36'38''		Norte/ Oeste
OESTE	530283/4733471	42°45' 11''/ 8°37'47''		Norte/ Oeste
Altimetrías	<p>A posición orográfica do sistema montañoso na que se sitúa o monte Lapido está condicionada polos río Sar e Ulla, así como a multitud de regatos que verten auga neles. Trátase dun sistema montañoso formado por orógenos de menos de 600 metros de altitude, cunha orientación norte –sur, entroncado entre dous vales onde se depositaron diversos materiais de orixe aluvial e coluvial.</p> <p>A altitude media ponderada do conxunto do monte Lapido é de 241.49 metros. A cota máxima e de 448.7 metros, situada no paraxe coñecido como “Outeiro de Meda” localizado na parte mais occidental do monte, e unha cota mínima de 10 metros situada no río Ulla (xunto a estación de bombeo) e localizada na zona mais ao sur do monte.</p>			
Características do clima	<p>O monte Lapido se temos en conta a información recollida no “Visor xeográfico de Galicia” e a documentación atopada nas publicacións “Atlas climático de Galicia” e “Clasificacións climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva bioxeográfica”, posúe dous tipos de pisos bioclimáticos ou termotipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ O termotemperado, nas zonas de menor altitude, que favorece os bosques caducifolios, con elementos mediterráneos esclerófilos e laurifolios. <p>Tendo en conta as observacións, dos últimos 28 anos, da estación meteorolóxica mais cércana ao monte, a de Herbón</p>			

	<p>(situada a 58 metros de altitude), obtéñense os seguintes datos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ A temperatura media é de 14.7 °C, con valores máximos de 20.2 °C e mínimos de 9.2 °C. Observase unha temperatura máxima absoluta de 27.5 °C e mínima absoluta de 4.7 °C. ➤ As precipitacións sitúanse entre os 1500 e os 1600 mm anuais, con déficits de 100 litros en xullo e agosto e o exceso de 950 litros de outubro a maio. ➤ Os ventos de compoñente sur e oeste son os que sopran con maior intensidade. <p>A xeomorfoloxía da zona se caracteriza pola existencia de vales sublitorais (condicionados polos ríos Sar e Ulla) separados polas serras de altitude inferior a 600 metros.</p>
Estrutura de usos do solo	<p>Tendo en conta o uso do terreo a superficie do Monte Lapido se reparte da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Superficie total: 255.51 has. ➤ Superficie enclavados: 8.47 has. ➤ Superficie non forestal: 4.85 has. ➤ Superficie actos de disposición (cesións, arrendamentos): 2.54 has. ➤ Superficie forestal: 239.65 has. <ul style="list-style-type: none"> ✓ Superficie rasa: 96.31 has. ✓ Superficie arborada: 143.34 has. Repartida por especie: 103.09 has masa de piñeiro, 32.80 has de eucalipto e 6.47 has masa de frondosas autóctonas).
ORIXE HISTÓRICA	
	<p>Supónome que a orixe do monte de O Lapido é similar a do resto dos MVMC. Por documentación que teño visto, no ano 1877, os veciños dos lugares aos que pertence</p>

o monte reclamárono, xa que o concello pretendía inscribilo como seu, nesta reclamación alegaban que facían uso do monte con fins basicamente de pasto de gando e aproveitamento de esquilme e leñas.

No ano 1941 a comunidade subscribiu un Consorcio coa administración forestal, no ano 1999 mudou a Convenio que sigue vixente na actualidade.

**Patrimonio
etnográfico**

Restos catalogados como tala en Patrimonio cultural

- temos:
- Castelo Redondo (GA15065006)
- Mámoa do Castelo do Castelo redondo (GA15035010)
- Mámoa do Castelo do Medio I (GA15065011)
- Mámoa do Castelo do Medio II (GA15065012)

Outros restos que existen:

- Castelo do Medio
- Os restos de unha capela de San Xoan. Sobre dita capela a comunidade buscou información no arquivo histórico diocesano e atopou un documento do ano 1791 que facía referencia a ela: *"Visitó su md. también la cap. de S. Juan sita entre ásperos montes y una Grande Dehesa distante de todo lugar: la que no tiene Renta, Fundacion, ó Pensión alguna: está sin Ara, ni Altar, y solo tiene una mesa de Piedra, sobre la que halló un crucifijo y una Ymagn. de S. Juan Bautista dezentes: solamente se dice Misa en ella el dia de San Juan, y en algún Tiempo, otro dia mas en el año, administrándose de la Yglesia Parroql., caliz, ornato y Prenda de Ara con su Misal (que con una Casulla se compró de la Limosna qe allí se junta) reedificándose poco tiempo haze su cap. maior de Boveda de cuenta de otra Limosna, subsistiendo aún en poder del actual cura Dos mil y veinte reales. Teniendo su md. preste. la ninguna utilidad que de Otra Capilla resulta ala Yglesia y vecinos, y estando informado que con motivo dela Misa que se celebra el Dia del Santo, se junta mucha xente, especialmente moza, de diferentes Partidos, sin que le resulte la menor utilidad espiritual, antes bien suele haver con esta ocasión muchas Quimeras y disturbios procedidos de los excesos del vino, y estar expuestas a disgracias mayores por el sitio escabroso y solitario enq. se halla Dha. Capilla; y poderse ocultar enella xentes facinerosas: Por evitar tan graves inconvenientes : Manda sezierre y demuela: Traigan el Santo pa. la Yglesia, el que. se colocará en uno de los Altares de las capillas mandadas hacer, aprovechando para su fabrica de los materiales de la de San Juan, e invirtiendo en Dho. Altar la Limosna depositada y la mas que hubiere: a cuio fin tomará el*

	<p><i>cura quenta deella a su colector, Y en interim nose ejecuta lo mandado, no permita el cura no se diga misa en ella, y si alguno contraviniere, se exigirá veinte Rs. de Multa”</i></p> <ul style="list-style-type: none"> · Varias canteiras tradicionais. <p>Despois tamén temos lugares interesantes que nos contan os mais maiores do pobo, onde eles xogaban ou que lle servían para orientarse:</p> <ul style="list-style-type: none"> · A pedra de escorregar · A pedra de abalar · A pedra da abella <p>Xa restos da actividade do home mais recentes son dúas canteiras.</p>
Patrimonio natural	<p>Parte dos terreos do MVMC de Lapido, sitúanse dentro das superficies delimitadas como espazo Rede Natura 2000 e da súa contorna. O LIC Sistema fluvial Ulla – Deza, código ES1140001, foi declarada Zona de Especial Protección de Valores Naturais segundo o Decreto 72/2004, do 2 de abril de 2004, polo que se declararon determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais. Este mesmo entorno foi declarado Zona de Especial Conservación segundo o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.</p> <p>Esta característica lle confire un patrimonio natural característico con bosquetes característicos de ribeira, bosques de sobreira e carballos, e un gran valor paisaxístico.</p>
Actividades (Veciños)	<p>Tendo en conta a tendencia do rural e a idade media dos veciños e comuneiros, aínda que miran con nostalxia o que foi e o que significou para eles o monte, nestes momentos non participan moito nas actividades que se levan a cabo no monte. Pero si poñen en valor e agradecen todas as actividades que se fan tanto silvícolas como de posta en valor.</p> <p>A comunidade está a traballar na recuperación de varias valgadas con frondosas autóctonas e eliminación de especies alóctonas e invasoras.</p> <p>Tamén se converteu un vello vertedoiro nun miradoiro (O miradoiro dos Canons do Ulla como se chame nas redes sociais) que facilita o disfrute dos elementos naturais, etnográficos, culturais e patrimoniais, do espazo LIC Sistema Fluvial Ulla – Deza. Tamén se realizan plantacións cos nenos dos coles próximos para contribuír na educación ambiental dos mais pequenos. Se organiza algunha ruta polo monte e se celebra todos os anos a chamada Festa dos Comuneiros, como un evento de xuntanza e lecer.</p>

CATÁLOGO DE PAISAXES DOS MONTES DE TERRAS DE IRIA

Catálogo de paisaxes	Padrón, na súa zona superior do mapa, onde se atopa estas parroquia, pertence a Área Paisaxística da Galicia Central, mentres que a súa zona inferior pertence a Área Paisaxística das Rías Baixas. De forma más específica, xunto con Dodro e Rois conforman a Comarca do Sar.**
Directrices de paisaxe	A área paisaxística Galicia Central inclúe 26 tipos de hábitats de interese comunitario, dos que sete son considerados como prioritarios. Carcacía posúe unha paisaxe caracterizada por bosque e agroistema intensivo coma plantacións forestais e cultivos. **


* Datos obtidos da páxina web da Consellería do medio rural [enlace](#). Datos cartográficos para a realización dos diferentes mapas no distrito forestal IV e no visor do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia.

**Datos obtidos da páxina do Catálogo de Paisaxes mediante o [enlace](#).


Anexo

A continuación amósanse capturas do QGIS e do visor de mapas relacionadas ca visualización dos Montes Man Comúns, o da ficha e os colindantes.


Anexo I: Mapa elaborado no QGIS 3.260



Anexo II: Mapa de montes veciñais



Anexo III: Mapa de ocupación do solo SIOSE 2014. Información xeográfica de Galicia



Anexo IV: Mapa elaborado no QGIS CLOUD free. Mapa satélite

